

TEMA 9.- O CUESTIONAMENTO DAS DEMOCRACIAS E O AUXE DOS FASCISMOS.

O DEBILITAMENTO E A CRISE DAS DEMOCRACIAS EN EUROPA.

A desaparición trala 1ª guerra dos vellos Imperios e a caída das Monarquías na Europa central e oriental, supuxo a implantación de sistemas republicanos democráticos; pero no longo período de entreguerras, a excepción dos países democráticos tradicionais (Francia, Gran Bretaña, países nórdicos, Suiza), moitos países sufriron a **imposición de réximes autoritarios e ditatoriais de signo claramente antidemocrático** (abolición das liberdades, do sufraxio e do Parlamento, persecución dos disidentes políticos, concentración de poderes nunha soa persoa).

A crise das democracias nestes países responde a diferentes factores ideolóxicos, políticos e económicos, destacando os seguintes:

-Radicalización dos Nacionalismos.- As tensións nacionalistas despois da 1ª guerra, débense a diversas causas, como **o sentimento de revancha nas nacións derrotadas** (Alemaña), **ou que non conseguiron os territorios desexados** (Italia), **ou as dificultades no trazado das novas fronteiras** (Hungría-Romanía, Iugoslavia-Italia, Polonia-Lituania) **e a situación das minorías nacionais** (alemáns en Checoslovaquia).

As masas identifican a patria como algo sagrado, desprezando ó inimigo exterior e as democracias como sistemas débiles e ineficaces para manter ou aumentar esa idea de glorificación nacional.

-Auxe do militarismo.- O papel das forzas armadas na vida política é cada vez maior trala guerra (axudan ós gobernos a reprimir as protestas populares), constituíndose como **os defensores e salvadores da patria ameazada, chegando a protagonizar golpes de Estado en colaboración coas autoridades e clases dominantes**, ocupando os militares as xefaturas dos gobernos e concentrando todo o poder nas súas mans (1923, ditadura de Primo de Rivera coa aprobación do rei Alfonso XIII).

-Descomposición dos sistemas parlamentarios tradicionais.- Sustitución dos partidos de notables polos **partidos de masas, ante a ampliación do sufraxio, o que incrementa o multipartidismo e complica o panorama electoral**, obrigando en moitos casos a **creación de gobernos de coalición ou de concentración entre forzas políticas de diferente signo para facilitar a gobernabilidade do país**, pero tamén contribuíndo a **aparición de novas forzas de esquerda nos gobernos** (socialistas, radicais republicanos, comunistas), **non aceptados pola burguesía que vai a apoiar solucións alternativas (ditaduras, fascismos)**, para non perder os seus privilexios.

- Aparición de novas forzas políticas.- **O comunismo e o fascismo surxen como opostos ó parlamentarismo liberal, pero enfrontados pola súa ideoloxía**. As clases dominantes apoiarán os fascismos, xa que temen a revolución social comunista a imitación do modelo soviético.

- As crises económicas e o aumento das tensións sociais.- As crises de 1921 e 1929 e a gran depresión dos 30, co **aumento do desemprego, o empeoramento das condicións de vida da clase traballadora e o incremento da conflictividade social** (folgas, ocupacións de terras e

fábricas, enfrontamentos nas rúas entre forzas de esquerda e fascistas), **contribuen ó descrédito dos sistemas democráticos e o apoio das clases dominantes as solucións autoritarias**, sobre todo de signo fascista.

OS SISTEMAS FASCISTAS: CARACTERÍSTICAS.

Os fascismo é unha ideoloxía que combina autoritarismo e totalitarismo implantando un sistema político ditatorial. No entanto, non todas as ditaduras ou totalitarismos son fascistas (a URSS por exemplo é unha ditadura comunista), xa que os fascismos implican unhas ideas e por tanto unhas características que os identifican e diferencian dos restantes sistemas autoritarios.

O termo fascismo deriva da palabra **“fascis”**, ou feixe de varas atadas arredor dun machado, símbolo da autoridade dos maxistrados romanos. Por iso foi en Italia, onde naceu, entre os anos 1922 e 1943, en forma de **ditadura unipersonal, de partido único, de ideoloxía nacionalista e organizando un Estado corporativista, acabando co Estado democrático e impondo a forza e a violencia arbitrarias sobre os opositores.**

O fascismo no seu orixe, identifícase pois co nacionalismo, aínda que tamén interveñen na súa creación e formación, *factores económicos como as crises de 1921 e 1929, que xustificarían o apoio das clases medias e baixas a estas ideoloxías.* No entanto, **o desexo de revancha da 1ª guerra e as modificacións territoriais**, son elementos que crean **resentimento e nostalgia de tempos pasados en moitos cidadáns**, que apoiarán as **ideas fascistas como protectoras, recuperadoras ou salvadoras da patria ameazada e contarán tamén coa colaboración do exército**, garante da orde e da estabilidade nacionais.

O discurso teórico desta ideoloxía é pouco elaborado e bastante improvisado e basease sobre todo en dúas obras: *“Mein Kampf”* (A miña loita), de Hitler, de 1925, e *“A doutrina do fascismo”*, de Mussolini, de 1932.

CARACTERÍSTICAS E BASES IDEOLÓXICAS DO FASCISMO.

Os fascismos ofrecen peculiaridades según o país no que se desenvolven, no entanto podemos destacar en todos eles unhas características xerais:

- Gran poder do Estado.- O individuo queda subordinado ó Estado, perdendo os seus dereitos individuais (non hai liberdades). **O Estado identifícase coa patria, coa nación, é co líder**, que goberna as masas.
- Sistema antidemocrático de partido único.- Oposición ó sistema democrático-liberal, **negando o sufraxio, o pluralismo** (varios partidos políticos) e **a existencia de Parlamentos elixidos polos cidadáns** (non hai separación de poderes). **Só hai un partido que controla o aparato do Estado** (goberno e institucións) e **os medios de comunicación.**
- Recoñecemento da desigualdade entre os individuos.- Supremacía das élites, onde **unha minoría goberna o Estado, negando os dereitos e a igualdade dos individuos** (e dos xéneros, dos pobos e das diferentes razas). **Subordinación da muller ó home** (casa, nenos, igrexa), como nais de soldados e cidadáns de segunda clase.
- Mesianismo: exaltación do líder ou superhome.- **O líder é todopoderoso, elixido por Deus ou o destino, cunha autoridade indiscutible** e a quen hai que obedecer

cegamente. **O líder confúndese co Estado. O Xefe Supremo** (Duce, Führer, Caudillo) **concentra na súa persoa todos os poderes**, xa que é o “*único salvador do Estado*”, por iso desenvólvese un enorme culto a súa persoa (estatuas, retratos, carteis de propaganda).

- Control ideolóxico e cultural por parte do Estado.- **A propaganda foi o mecanismo utilizado para o control dos cidadáns, buscando a exaltación dos valores irracionais da conduta humana** (fanatismo, adoración do líder, falta de crítica e de reflexión), mediante actos públicos como desfiles, símbolos ou discursos que conseguían a exaltación patriótica do réxime e os seus líderes e a adhesión total dos cidadáns. Impónse unha **ríxida censura ós intelectuais** (libros prohibidos, pensamento único) e hai un **especial control da xuventude, encadrada en grupos paramilitares**, uniformados e separados por xéneros (Xuventudes Hitlerianas, Balillas Italianas, Sección Femenina). **A arte e a cultura son oficiais, estatais, non hai liberdade para a creación artística** (megalomanía arquitectónica).
Xustificación da violencia institucional.- **A violencia foi un método habitual dos gobernos e partidos fascistas** para intimidar “*ós inimigos da patria*” (opositores ou disidentes e as minorías étnicas). **Creáronse grupos paramilitares fascistas** como as Seccións de Asalto, **que ameazaban ós líderes sindicais ou dirixentes políticos de esquerda**, e **o Estado instaurou organizacións represivas** como a Xestapo ou as S.S., **chegando a creación de campos de concentración e de traballos forzados**.
A glorificación da guerra como defensa ou reafirmación da patria, buscou a preparación dos cidadáns para unha contenda bélica que se consideraba inminente.
Expansionismo ultranacionalista e militarismo imperialista.- **Defensa dun nacionalismo exacerbado, baseado na idea de pobo elixido, de raza superior** (racismo) e **de odio ó estranxeiro** (xenofobia).
A recuperación de territorios (obsesión de vellas aspiracións de unidade nacional) é visto como algo prioritario (a teoría do “espazo vital” e a necesidade de materias primas e novos mercados), e **prepara o terreo para unha política exterior militarista, agresiva e expansionista, que levará a 2ª Guerra Mundial**.
- Control estatal da economía, autarquía e apoio do gran capital.- Os fascismos defenderon unha **política económica de autosuficiencia e pleno emprego**, no primeiro caso mediante fortes taxas proteccionistas fronte ós produtos estranxeiros, e no segundo mediante **subvencións ou nacionalización de industrias** (sobre todo armamentísticas) e **financiamento de obras públicas** (estradas, encoros..), **pero sen acabar coa propiedade privada**.
O gran capital (burguesía), apoiou ós fascismos xa que o seu anticapitalismo era máis teórico que real.

A ITALIA FASCISTA (1922-43).

O fascismo xurdido en Italia, liderado por Benito Mussolini, vai a ter gran influencia nos sistemas autoritarios europeos do momento, adaptándose moitos deles ós modelos do fascismo italiano (ditadura de Primo de Rivera, 1923).

Mussolini (1883-1945), periodista (fundador do diario fascista “Il Popolo di Italia”), exmilitante socialista e gran orador que en 1919 crea en Milán os “*Fasci Italiani de Combattimento*”, **milicia**

organizada caracterizada polo seu extremismo e a violencia e agrupada en escadras que levaban camisas negras en sinal de loito pola situación da patria.

Os fascios eran grupos de combate, formados por xentes de variada condición e ideoloxía, dedicados a **atacar ós políticos de esquerda e dirixentes sindicais e a boicotear as folgas mediante acción violentas**, contando coa pasividade das autoridades e a simpatía ou o apoio de empresarios e terratenentes, e estendéndose con rapidez por toda Italia. **En 1921, o incremento dos seus militantes deu lugar a creación do PNF** (Partido Nacional Fascista).

O ascenso do fascismo ó poder viuse facilitado por varias causas:

- A humillación e frustración posterior a Gran Guerra ó non cumprirse as peticións territoriais feitas ós aliados. Os excombatentes sen emprego, desmoralizados e indignados cos seus gobernos, son reclutados polos grupos de ideoloxía ultranacionalista

- A situación de crise económica, que provocou disturbios agrarios e fortes folgas que remataron coa ocupación de terras e fábricas coa conseguinte ameaza dunha posible revolución proletaria como a soviética.

- A debilidade do poder político, con gobernos inestables e incapaces de poñer orde no país, ademáis de estar divididos entre eles (expulsión dos comunistas do PSI en 1921).

A CONQUISTA DO PODER POLOS FASCISTAS (1922-25).

Nas eleccións de 1921 o PNF de Mussolini obtén uns pobres resultados, pero **o medo das clases dirixentes e do exército ó comunismo contribúe a impulsar ós fascistas cara ó poder**, aparecendo éstos como a única garantía da defensa da orde pública no país.

O 27 de Outubro de 1922, Mussolini e os seus camisas negras, tras impedir pola forza unha folga xeral convocada polos sindicatos socialistas, **organizan unha “marcha sobre Roma”, para obrigar ó rei Victor Manuel III a nomear a Mussolini como presidente do goberno**, aceptando dita situación o día 30 ante a **indignación e dimisión do goberno democrático que lle esixía a instauración do estado de sitio para impedir o golpe de estado**, alterando así a legalidade constitucional que lle esixía a Constitución italiana.

O Duce forma un goberno mixto con civís e militares, que vai pouco a pouco **reducindo as liberdades, fortalecendo a represión militar**, desmantelando a oposición mediante a violencia e **vaciando de contido as institucións democráticas** mediante novas disposicións legais.

En 1924 convoca eleccións para obter o respaldo do Parlamento, aplicando unha nova lei electoral que daba a maioría de dous terzos ó partido que obtivese o 25% dos votos. As críticas do dirixente socialista Matteotti ante o que considera un fraude electoral, acaban co seu asasinato polas milicias fascistas, abandonando os deputados socialistas o Parlamento en protesta, axudando a que Mussolini consolide o seu poder ante a pasividade do rei. A partir de **Xaneiro de 1925, Mussolini establece unha ditadura persoal de partido único**.

A ORGANIZACIÓN DO ESTADO FASCISTA.

No novo réxime o Duce ten todo o poder. **É Xefe do Goberno, do Partido e do Estado, do Exército, gobernando mediante decretos-leis, asesorado polo Gran Consello do Fascismo**, sen render contas ó Parlamento, substituído por **unha Cámara dos Fascios e Corporacións, para aprobar as leis remitidas polo Duce, cun carácter meramente consultivo.**

Declara ilegais todos os partidos políticos e sindicatos excepto o fascista, **establece a censura de prensa e a depuración dos disidentes na administración, na educación e no exército.** No ano 1926, **o Estado asume o control dos sindicatos, substituíndoos polas Corporacións** (organismos formados por patróns e obreiros co arbitraje do Estado, para chegar a acordos laborais), para evitar a loita de clases.

Mussolini asume tamén o control da economía, cun Corporativismo que mistura socialismo (importancia do sector público e da intervención estatal na economía) **e capitalismo** (defensa da propiedade privada). **Os obxectivos económicos céntranse na autarquía** ou autosuficiencia para conseguir unha posición de grandeza dentro das nación importantes, **estimulando a produción para reducir a dependencia do exterior** (deseccación de pantanos para cultivar trigo), **e unha política de construción de obras públicas para reducir o paro** (autoestradas, vías ferréas..) **e aumentar o prestixio do sistema** (edificios históricos, monumentos). No ámbito industrial, **favoreceu a fabricación de armamentos en beneficio dunha política colonialista e imperialista.**

POLÍTICA EXTERIOR DO FASCISMO ITALIANO.

Mussolini, a nivel internacional resolveu o **problema da cuestión romana**, tras anos de negociacións, reconciliándose coa Santa Sede **ó recoñecer a soberanía do Papa Pío XI sobre a cidade do Vaticano, a cambio de que a Igrexa acéptase as novas fronteiras do Reino de Italia** e apoiaise ó novo réxime contra o comunismo (Pactos de Letrán, 1929).

A reivindicación dos territorios con poboación italiana e o expansionismo en Africa Oriental (Libia, 1932-33 e Abisinia, 1935-36), **confirmaron a súa política colonialista, uníndose no ano 1939 a Alemaña nazi polo Pacto de Aceiro (Eixe Roma-Berlín)**, que levará ó seu país a axudar a Hitler na 2ª Guerra Mundial.

A entrada na guerra será nefasta para Italia, e **as derrotas levarán a rendición e a dimisión e o encarceramento de Mussolini, en xullo de 1943.** A axuda nazi fai que retorne o poder, pero tras a derrota dos alemáns intenta fuxir do país, **sendo detido e executado polos partisanos xunto a outros xefes fascistas o 28 de abril de 1945.**

A ALEMAÑA NAZI (1933-45).

Na Alemaña da posguerra instaurase un réxime democrático tras a abdicación de Guillerme II, a República de Weimar, cunhas eleccións que dan o triunfo o partido socialdemócrata, pero **nas rúas a situación é de revoltas populares, dirixidas polos marxistas radicais liderados por Rosa Luxemburgo e que son duramente reprimidas polo Estado.**

En 1919, fúndase o Partido Obreiro Alemán en Munich, que en 1920 pasa a chamarse Partido Nacionalsocialista ou nazi baixo a dirección de Adolf Hitler (1889-1945), un excombatente da 1ª guerra mundial cun carácter inestable e de **ideoloxía fortemente**

nacionalista, cunha formación intelectual escasa e firme defensor da superioridade da raza xermana aria. A derrota alemá na guerra supuxo unha forte humillación para este militar de orixe austriaco, alimentando nel desexos de vinganza, como noutros compatriotas.

En 1921, Hitler é o xefe indiscutible do Partido Nazi, creando os símbolos (bandeira da cruz gammada) **e as Seccións de Asalto**, uniformadas (camisas pardas) e preparadas para a loita nas rúas contra os opositores políticos, dirixidas por Eric Rohm. Ó partido nazi unéñse vellos héroes da 1ª Guerra como Ludendorff ou Herman Goering.

O ASCENSO DOS NAZIS Ó PODER.

A crise económica de 1919-23 provocada polas abusivas indemnizacións do Tratado de Versalles e a ocupación do Ruhr polos franceses, **motiva varios intentos de golpe de Estado en 1920 e en 1923, por parte dos comunistas e de Hitler (“putsch de 1923”)**, que fracasan, sendo arrestados e encarcerados Hitler e os principais dirixentes nazis. **No cárcere Hitler escribe o seu libro-programa, “Mein Kampf”, onde aparecen todas as súas ideas antidemocráticas, racistas** (dominio da raza aria sobre as razas inferiores, entre eles os xudeus considerados impuros e culpables da crise en Alemaña), **e expansionistas** (teoría do “espazo vital”, ou reocupación dos territorios onde haxa poboación xermánica).

A recuperación económica alemá a partir de 1924 (Plan Dawes), provoca o declive dos extremismos, pero trala crise do 29, renacen as tensións sociais e o enfrentamento entre comunistas, nazis e os sucesivos gobernos democráticos. **Nas eleccións de 1930, fronte o derrubamento dos partidos tradicionais, prodúcese o auxe dos nazis e comunistas**, e tras a convocatoria anticipada de novas eleccións **en 1932 o avance nazi en votos é imparable, sendo nomeado Hitler chanceler en Xaneiro de 1933 polo presidente Hindenburg.**

Hitler crea as SS (Seccións de Seguridade), encargadas da súa protección persoal e de limitar ó poder das SA e dos seus xefes. Os nazis conseguen o **apoio de amplos sectores da poboación, desde os obreiros ata a gran burguesía financeira e industrial** (os Krupp, os Thyssen), sacando gran partido do descontento social do pobo alemán, e con gran rapidez **entre xaneiro de 1933 e agosto de 1934 consolidan as súas posicións e o seu programa, establecendo a ditadura e anulando a Constitución democrática de Weimar.**

O Partido nazi defende a formación dun Estado Nacional forte que reconcilie a todas as clases sociais. **En 1933, Hitler convoca eleccións para obter unha maioría absoluta que o lexitime ante o pobo alemán, iniciando unha campaña electoral violenta, incitando ós nazis a incendiar o Reichstag (Parlamento) e acusando ós comunistas dese feito, para suspender as liberdades constitucionais, disolver ó partido comunista,** (acusado ademáis do estancamento económico de Alemaña) **e prohibir a prensa de esquerdas.**

O novo Parlamento saído das eleccións de Marzo concedeu plenos poderes a Hitler, convertindo ó Partido nazi en partido único e a Hitler nun ditador legal, disolvendo os sindicatos e partidos políticos e eliminando os inimigos políticos dentro do partido nazi, na famosa **“noite dos coitelos longos”** (30 de xuño de 1934), **no que Rohm e outros dirixentes das SA foron asesinados polos seguidores de Hitler.** O control do Estado foi completado coa creación da policía secreta, a Xestapo.

A DICTADURA NAZI.

Tras a morte do presidente da República, Hindenburg en 1934, Hitler convértese en Führer (Guía, Conductor do pobo), acumulando as funcións de Xefe de Goberno e de Estado e iniciando o chamado Terceiro Reich (Terceiro Imperio).

A ideoloxía nazi estendeuse en todos os ámbitos da vida do país. Na educación se resaltan os valores étnicos e militares, hai un enorme control dos intelectuais e dos medios de comunicación (censura e queima de libros), que deben obediencia ó réxime e homes e mulleres de todas as idades son afiliados e encadrados nas organizacións nazis (sobre todo os máis novos).

A política antisemita é cada vez máis dura, os xudeos ven restrinxida a súa liberdade desde 1938, no que aumentan as persecucións ou “progroms”, e a súa marxinação social (destrución de 280 sinagogas, detencións masivas, imposición de tributos), morrendo na famosa “noite de cristal” entre o 9 e o 10 de novembro polos asaltos nazis, dous mil xudeus e sendo deportados de Alemaña outros vinte mil tras confiscarlles os seus bens. É o paso previo a chamada “solución final” que se levará acabo na 2ª Guerra Mundial, na que miles de xudeus serán enviados a campos de concentración e exterminados por diversos procedementos.

No ámbito económico o nazismo seguiu o modelo fascista italiano, creando un Consello Xeral de Economía, onde banqueiros e empresarios marcan as liñas a seguir para relanzar a economía do país, pero cun forte intervencionismo do Estado, para combatir o desemprego. A autarquía (illamento comercial e financeiro) e os fortes investimentos estatais en obras públicas (autoestradas, canais) e industrias armamentísticas, non impediron un forte apoio a iniciativa privada (créditos ós empresarios e exencións fiscais pola contratación de obreiros). O paro case desapareceu grazas ó rearme (economía de guerra) e as infraestruturas.

Os resultados desta política foron moi desiguais, xa que a autosuficiencia industrial e alimenticia era imposible sen materias primas, os traballadores viron recortados os seus dereitos pola prohibición das folgas a redución dos salarios e a sumisión ós patróns (organización dos obreiros e os patróns nas Frontes Nacionais do Traballo).

A falta de mercados cos que comerciar e competir explican a política de expansionismo exterior (teoría do “espazo vital”) sobre todo cara a Europa Central e Oriental, onde hai territorios con “alemáns puros” (Austria, Checoslovaquia, Polonia), non dubidando en recurrir a guerra se fose necesario.